



# ADMISIÓN / MATRÍCULA 2023/2024

**DENDE O 1 AO 20 DE MARZO**

## **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

- **ANEXO II**, de solicitude de admisión e **Anexo II-bis** (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora) e **asinalo os dous proxenitores cando estean separados ou divorciados**. Ademais, **en caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor**.
- **Copia do libro de familia** ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- **Copia DNI do/a alumno/a e proxenitores**.
- **Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar**, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano natural anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio fose inferior a un ano: Escritura de compra, contrato de alugueiro ou título que lexitima a ocupación da vivenda, e Recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz...)

De ser o caso deberá presentar tamén para que se teña en conta tal condición:

- Libro de familia ou certificación de **parto múltiple**
- Documentación xustificativa da condición de **familia monoparental**
- Certificado de **discapacidade** da persoa solicitante ou membro computable da familia non expedido pola Administración autonómica
- Documentación xustificativa da condición de **vítima de violencia de xénero** (artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero)
- Certificado como **vítima de terrorismo** (Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo)